

Vigo  
6-nov.  
1958

Sr. D.  
Señor Tobías Fernández  
Montevideo

Meu querido amigo:

Supoño que Canabal che terá entregado o longo traballo sobre a nosa lírica contemporánea, no que están tratados todos os puntos que isto abrangue, por diversos autores. Como verás, o enfoque, meditado e ouxetivo, está feito co rigor e a altura que o tema require.

Sei, por anticipado, que leerás o estudo con cariño e comprensión, e confío en que o teu sagaz senso crítico servirá pra que o valoros no seu verdadeiro significado.

Como complemento dese ensaio vai un apéndice obrigado, que vos dará Perfecto López o día 21 ou 22 dos correntes. Estimariamosche moito que o leses, tamén, pois coído que resulta esencial pra completar o texto primeiro.

A túa participación na obra valorámosla moito, xa que os teus xuícios literarios son sempre meditados e serenos. Conocéndote de vello, como te conosco, non dúbido en que prestarás o teu concurso a esa obra da nosa cultura.

Con parvosos saúdos à tua muller, e de miúdo pra os dous, mándache a cordial aperta de sempre

Edelberto